

Lois Tobío e/en Gondomar

Laudelino Pellitero

Un fervedoiro de xentes foi achegándose, na hora prevista, ata o Auditorio, situado aos pés do Pazo do Conde de Gondomar. Mergullados nun ambiente festivo que a Banda Unión Musical de Vincios se encargou de recrear coa súa habitual mestría, saudábanse os relatores: Carlos Nuevo, Rosa Pascual, Isaac Díaz Pardo, Carlos Casares, Francisco Fernández del Riego, Constanza Tobío, amais de quen escribe esta crónica, antes de ser recibidos polo Sr. Alcalde D. Carlos Silva e o resto da corporación.



Rosa Pascual, Carlos Nuevo, Constanza Tobío, Francisco Fdez. del Riego, Carlos Silva, Carlos Casares, Isaac Díaz Pardo e Lino Pellitero. (Foto Fernando G.)

Foron as palabras de Lois Tobío referidas ao Conde de Gondomar, gravadas en vídeo para a solemne ocasión, as que nos recibiron: "*D. Diego Sarmiento de Acuña, o mellor embaixador que tivo España, o home con maior sensibilidade diplomática. Deixando de lado os moitos coñecementos que posuía, podemos asegurar que pola súa experiencia, pola capacidade de relacionarse con outras culturas, empezando polo Rei Xacobo, era un ser realmente excepcional.*"

Non esqueceu aos gondomareños: "*Os veciños de Gondomar poden estar orgullosos de ser paisanos dunha das grandes figuras da historia, non só galega ou española, senón europea.*"

Tras da lectura do acordo plenario unánime, polo que se decidira pór lle o nome de Lois Tobío ao Auditorio Municipal, volvemos ter na sala a viva voz do ilustre viveirense: "*É para min unha gran satisfacción que o meu nome vaia unido perpetuamente ao de Gondomar, que na miña opinión é unha das figuras máis relevantes da política internacional do século XVII, aínda que desgraciadamente, polo de agora, a historia oficial non o considere así. Don Diego Sarmiento ten espertado en min afecto, simpatía e mesmo coincidencia de intereses e estudos. Teño que agradecer moitísimo á Corporación de Gondomar e ao Instituto de Estudos Miñoranos que se teñan acordado de min para que o meu nome figure no Auditorio Municipal.*"

María Xesús Pérez García foi a encargada de conducir o acto cunha perfecta escenografía solemne, recuberta da discreción xusta como para só remarcar a importancia do acto, de cada

un dos relatores e, por suposto, do homenaxeado.

A simetría das intervencións dos ponentes foron rotas coa entrecortada e vibrante voz emocionada da poeta Marga Romero (Marga do Val), quen se dirixiu ao público para ler fragmentos da obra *as décadas de T.L* na que Tobío nos descubre o momento no que empeza a sentir interese por D. Diego Sarmiento de Acuña, quen logo dunha vida fértil só desexaría ser e parecer bo e verdadeiro galego; para darlle vida á carta, remitida dende Bos Aires, do seu invariable amigo e irmán Castelaio; para constatar a magnífica tradución ao galego de Rilke ou do parágrafo final do Fausto; e finalmente, para ler as últimas liñas de *As Décadas de T.L*, nas que Tobío nos convoca para restaurar a casa común (Galicia), observando con gozo a incorporación á inxente tarefa da xente moza.

Correspondeulle á profesora Rosa Pascual Abal facer a presentación do caderno *Lois Tobío, unha aproximación biográfica*, do que é autora, editado polo IEM e patrocinado pola Concellería de Cultura do Concello de Gondomar. Na publicación faise un minucioso repaso pola biografía do ilustre galeguista, deténdose especialmente naqueles aspectos de conexión de intereses entre D. Diego Sarmiento de Acuña e a persoa que máis ten contribuído a ampliar o coñecemento sobre o primeiro Conde de Gondomar. Na exposición tamén houbo un tempo para darnos a coñecer os perfís máis humanos, as calidades máis destacadas do galeguista, as facetas máis relevantes do escritor, traductor, pensador, diplomático, xornalista, estudioso, comprometido, discreto, europeísta, universalista... exemplo de dignidade histórica. A prof. Pascual Abal fixo unha paréntese para destacar un feito: Tobío pasa a maior parte da súa vida fóra do que considera a casa común, Galicia, pero sempre vai aparecer en momentos claves da historia galega do século XX.

Entre os invitados relatores foi Carlos Nuevo Cal o que fixo un repaso polos dez primeiros anos marcados pola etapa viveirense, vista dende o berce natal do intelectual poliédrico, así definido polo presidente do Seminario de Estudos Terras de Viveiro. Quizais porque a infancia é a patria do home, Tobío non despregará ancora máis sólida coa súa terra que a despregada en Viveiro durante a súa primeira década de existencia: "*dez anos máxicos cheos de marabillas, como vivir no paraíso*".

Unido na paisanaxe, quixo facer unha parada no afán permanente por saber de todo para subliñar a importancia paterna de Loís Tobío Campos, quen foi espello no que aprender do mestre, curioso, enciclopedista, aberto a pesar do seu marcado carácter conservador.

A intervención de Isaac Díaz Pardo, un dos máis fieis, perdurábeis e xenerosos amigos de Lois Tobío, serviu para dar testemuña das opinións de Otero Pedrayo e Filgueira Valverde nas que se aseveraba que ninguén coñece máis a D. Diego Sarmiento de Acuña, ese extraordinario embaixador que nunca renunciou a ser galego, que o ilustre viveirense. O galeguista residente en Madrid sería considerado por Díaz Pardo como un personaxe importantísimo para Galicia, aínda nun proceso inacabado de recuperación na memoria histórica do país. O impulsor do complexo cerámico de Sargadelos quixo salientar a extraordinaria importancia que tivo o Seminario de Estudos Galegos como institución interdisciplinar que tiña unha idea recuperadora integral de Galicia. Destacou o seu papel na redacción do anteproxecto de Estatuto de Galicia, o primeiro que se fixo no Estado, e mesmo hai quen di que é o primeiro e máis

importante que se fixo en Europa. Finalmente non sería o mesmo texto o redactado polos representantes municipais, " *ben que se notou, xa que Tobío sabía moito máis que todos os concellos xuntos*".

Como librepensador crítico, Díaz Pardo non quixo deixar pasar esta homenaxe pública para laiarse da ausencia de Tobío na redacción do Estatuto galego do ano 1981. do desperdicio que supuxo non ter aproveitado o seu saber para construír un Estatuto que estivese entroncado coa tradición dos estatutos dos anos trinta. Aspectos como deostado "feísmo", teríanse corrixido de ter en conta o anteproxecto de 1931.

"A xente nova tiña demasiada présa, ou carecía dos coñecementos necesarios".

Para dar continuidade a toda esa tradición que significa Tobío, o novo Seminario de Estudos Galegos que promove Díaz Pardo está presidido pola persoa que hoxe homenaxeamos. Rematou a súa intervención: *"en fin, concordamos moito tanto con Tobío como co Conde de Gondomar"*.

Na intervención de Carlos Casares, aboiou a maestría do conversador, a sinxeleza do virtuoso da narración, a habilidade do orador pausado da voz de veludo que nos envolve ata engancharnos irremediabilmente coa súa palabra elevando a realidade social ou histórica á categoría dunha anécdota espontánea, sen perder unha pinga de rigor.

"Coñecino persoalmente, pero non participei como Paco del Riego desa etapa tan importante da súa vida. Son un admirador da súa biografía e da súa obra."

No final do "Fausto" de Goethe, cando despois de buscar a felicidade nas mulleres, nas glorias militares, na ciencia....ten que optar entre atopar a felicidade nas mulleres ou atopar a felicidade nun acto que consiste en desecar un pantano para facer felices ás persoas que



Intervención do Presidente da Real Academia Galega D. Francisco Fernández del Riego (Foto Fernando G.)



Díaz Pardo lamentou a ausencia de Lois Tobío na redacción do actual Estatuto de Autonomía (Foto: Fernando G.)

viven arredor, eu pensaría, en primeira instancia, que Tobío se identificaría con ese Fausto executivo capaz de facer felices aos veciños. E alédame escoitar que se identifica con Margarida, o cal nos fala dunha personalidade romántica, cousa nada estraña despois de ler as súas traducións, especialmente a de Rilke. Non é que eu non admire a aqueles que ven no Fausto esa capacidade de transformación da realidade para facer máis felices aos demais, pero gústame máis esa outra interpretación.

Quixera a continuación contar un episodio da biografía de Tobío, que coñecín a través de Ramón Piñeiro en Castropol, cando lle quedaba pouco tempo de vida, pero aínda conservaba toda a lucidez e aquela súa extraordinaria memoria. Por tanto, consciente estaba Ramón Piñeiro na última semana da súa vida. E consciente eu, tamén, de que Ramón Piñeiro ía morrer, aínda que el pensaba que se ía recuperar.

Nunha das nosas conversas matinais coutoume que Castelao era un home que sempre necesitaba do bo consello doutras persoas, sobre todo cando tiña que actuar politicamente. O primeiro gran conselleiro foi Valentín Paz Andrade, despois Alexandre Bóveda e despois da guerra Rodolfo Prada en Bos Aires. Pero un día apareceu tamén o nome de Lois Tobío, que eu nunca lle escoitara. Contoume, naquela conversa no xardín de Penzol, que no ano 1937 Castelao estaba nomeado como embaixador "in pectore" da República en Bos Aires. A el facíalle moita ilusión Bos Aires, sobre todo pola colonia galega que alí existía. Pero de repente produciuse un feito absolutamente imprevisible, que despois das sucesivas derrotas do exército da República, o embaixador soviético entrou no despacho do Presidente do Goberno, que daquela era Largo Caballero, e dun xeito pouco diplomático recriminoulle a súa falta de pericia e a súa falta de talento á hora de dirixir a guerra. Isto provocou a irritación inmediata de Largo Caballero que expulsou ao embaixador soviético do seu despacho, o cal desencadeou unha intervención do goberno soviético sobre o goberno da República e ocasionou a caída de Largo Caballero, accedendo ao poder o Doutor Negrín. Cando nomearon a Negrín presidente de goberno, este nomeou a D. José Giral Ministro de Estado, equivalente ao que hoxe se coñece como Ministro de Exteriores, e pediulle expresamente que enviase como embaixador a Bos Aires a Osorio y Gallardo, que daquela era embaixador en París.

Naturalmente D. José Giral aceptou o encargo do Presidente do Goberno e enviou a Osorio y Gallardo como embaixador en Bos Aires. Nese momento quedou invalidado o proxecto de enviar a Castelao, o cal lle produciu un gran desgusto. Xa tiña ultimado todo, incluso elixidas as persoas que debían acompañalo. A persoa que el solicitara ao Ministerio de Estado para levalo con el a Bos Aires como conselleiro era D. Lois Tobío.

No Ministerio dixéronlle que non se podía mover de Bulgaria, onde estaba desempeñando unha misión importante de tipo diplomático, e Castelao, seica despois de premer para que lle concedesen que Tobío o acompañase a Bos Aires, tivo que renderse. Foi entón cando pensou en levar con el a Ricardo Carballo Calero.

Lamentablemente este proxecto non foi posible, non por culpa de D. José Giral, senón pola petición que Negrín lle fixera a Giral.

A partir dese momento Giral si que trouxo a Tobío dende Bulgaria ao Ministerio. Tobío traballou con Giral no Ministerio e curiosamente houbo, nesa época, un durísimo enfronta-

mento de Castelao con Giral, porque Castelao atribuíu a Giral e non a Negrín o veto e o cambio de planos de non envialo de embaixador a Bos Aires.

Isto tería consecuencias posteriormente, cando se constituíu o Goberno de Giral no exilio, cando Giral presidiu o Goberno republicano no exilio de París e os galeguistas do interior decidiron enviar a D. Ramón Piñeiro á capital francesa para xestionar o ingreso de Castelao no goberno de Giral. Había o inconveniente de que Castelao fixera bromas moi crueis contra Giral, e este non estaba nada ben predisposto a admitir a Castelao como membro do Goberno no exilio. Se finalmente Giral aceptou a Castelao nese Goberno foi fundamentalmente por presión dos vascos do interior e pola adhesión posterior dos cataláns que pensaban que era necesario escoitar aos membros da oposición interior e non aos do exilio. Desta maneira Castelao ingresou e formou parte do goberno do seu antigo inimigo Giral. E dicía Piñeiro que, aínda que a el non lle constaba, o feito de que Giral non mantivera o veto contra Castelao, de quen era inimigo persoal, e que Giral accedese inmediatamente á suxestión de que Castelao fora o representante dos galegos e non Portela Valladares, non se podía descartar que na época en que Tobío fora colaborador de D. José Giral no Ministerio de Estado, o nome de Castelao tivera saído en conversas nas que Tobío tratara de limar asperezas, quitando importancia aos comentarios que Castelao tiña feito sobre el.


Por tanto, este episodio indica por un lado a confianza de Castelao en Tobío, confianza que por outro lado se renovaría posteriormente na liña de buscar un bo colaborador, un home de xuízo sereno e seguro cando Castelao chega a Bos Aires e recorre a Tobío para que o asesore desde o punto de vista técnico á hora de darlle unha formulación xurídica ao Consello de Galiza. Efectivamente, a fórmula aceptada por Castelao foi a que lle suxeriu Tobío. É, polo tanto, un pequeno episodio, pero que creo que merece a pena dalo a coñecer. En primeiro lugar porque completa tanto a biografía de Castelao como a biografía de Tobío e, sobre todo, porque inclúe a Tobío na estima e na boa opinión que del tiña un home tan importante para a historia de Galicia como foi Castelao.

Nada máis e moitas gracias".

Nun breve inciso deuse lectura á adhesión de Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda á homenaxe en Gondomar, diante a imposibilidade material de estar presentes.

Do presidente do Consello da Cultura Galega a palabra pasa con axilidade ao Presidente da Real Academia Galega, D. Francisco Fernández del Riego. En setembro do 31, á súa chegada á universidade atopa a Tobío. Alí comezou unha amizade con quen Tobío aínda segue a considerar "ese rapaz de Lourenzá". Fernández del Riego foi quen trouxo a Lois Tobío a Gondomar e con el visitaríaa o Pazo do Conde de Gondomar.

"É para min un motivo de particular satisfacción o feito de sumarme a esta merecida homenaxe ao meu grande e vello amigo Lois Tobío. Vanse cumprir 70 anos dende que nos coñecemos. Chegaba eu a Santiago en setembro do 31, e un amigo común presentounos. Dende un primeiro momento estableceuse un contacto amigable entre ambos os dous. El era daquela profesor de Historia do Dereito na Universidade e director da biblioteca da facultade. El foi quen me introduciu no Seminario de Estudos Galegos, que se fundara no ano



O acto serviu para darlle o nome de Lois Tobío ao auditorio municipal
(Foto Fernando G.)

1923 por un grupo de estudantes universitarios entre os que se contaba Lois Tobío, Xosé Filguera Valverde, Bouza Brei, Martínez López, Romero Lema. Este grupo de estudantes universitarios, amparado polo catedrático de literatura da Universidade Galega Cotarello Valledor, crearon esta institución para traballar en equipo, facendo non só o

labor de gabinete, senón tamén o labor de campo para restaurar os valores autóctonos do país.

Convivín, xa digo, asiduamente con Lois Tobío naquela época, nas xeiras do seminario, nas visitas frecuentes á editorial "Nós", en paseos polos arredores de Santiago, porque Lois Tobío gustaba pouco das "tertulias". Compraciánlle máis os paseos polas aforas de Santiago, polos campos veciños. Despois Lois Tobío foi nomeado director da "Sección de Ciencias xurídicas, políticas e sociais", que sería a encargada de redactar, por mans de Tobío e de Carballo Calero e coa axuda posterior de Bóveda e de Paz Andrade, o anteproxecto de Estatuto de Galicia que serviu de base de discusión na posterior asemblea de concellos. Pois ben, Lois Tobío tivo sempre predisposición tanto polo ensino como pola carreira diplomática. Desprazouse a Madrid para opositar á carreira, gañou a oposición e fixo unha xeira de viaxes por moitos lugares de Europa, e eu conservo cartas e tarxetas postais enviadas dende os distintos países, onde reflectía as súas propias opinións dos ambientes dos países que visitaba. Posteriormente ocupou xa o cargo de carreira e interveu na guerra civil, tanto no exterior como no interior con cargos representativos na súa especialidade. Máis tarde sufrirá as consecuencias do exilio.

Eu recordo perfectamente durante unha visita que fixen a Montevideo a Constanza, aquí presente, que estaba no berce e ao seu irmán pequeno Miguel. Naquela ocasión el foi quen me introduciu cunha fermosa presentación na Universidade de Montevideo, nunha conferencia que alí pronunciei.

Houbo sempre unha relación amigable, primeiro de tipo persoal e logo de tipo epistolar cando estabamos afastados un do outro. Pero a característica fundamental de Tobío era o seu rigor científico, o seu xeito de traballar. As características que o distinguían eran a disciplina, en certo xeito de tipo xermánico, xa que fora pensionado sendo novo a Alemaña, onde realizou estudos de ampliación como bolseiro. Era bo coñecedor de idiomas. Unha das primeiras traducións que fixo foi nun concurso celebrado en Bos Aires, onde traduciu aos principais poetas franceses da época, xunto con outros ingleses feitos por Plácido Castro e outros franceses por Gurriarán.

Posteriormente polarizou a súa atención na traducción do alemán (xa se citaron aquí as traduccions de Rilke, as traduccions de Fausto, etc. etc.) Pero hai unha obra significativa, fundamental, esencial na súa vida, porque el se identificou totalmente coa figura do Conde de Gondomar. Dentro da súa carreira, coincidía en certos aspectos coa visión que tiña do sentido europeo. Ademais é que coñecía, tamén, e defendeu sempre o seu sentimento de galego.

Cando un ano calquera dos xa pasados chegou a pasar o verán en Praia América, eu acompañeino polo Val Miñor. Ademais leveino, con moitas dificultades e atrancos que me puxeron naqueles momentos, a visitar o Pazo do Conde de Gondomar. Porque el consideraba necesario, xa que coñecía tan ben a súa obra, a súa traxectoria política, a súa actividade e o seu vencello a Galicia... puido coñecer, tamén, algo que aínda lle faltaba como era ver directamente o pazo que levaba o seu nome. Isto constituíu para el unha particular satisfacción.

Son estas algunhas cantas anécdotas das moitas que podería contar desta longa relación de 70 anos, en momentos nos que Lois Tobío, o meu grande e vello amigo, cumpre 95 anos. ¡Nada máis!"

Dentro da quenda de palabra correspondeume intervir, no nome do IEM, para agradecer tanto aos relatores como a outras personalidades asistentes ao acto -entre as que se encontraban Xaime Illa, Xulio Ríos, Alfonso Paz Andrade, Manuel Rodríguez etc-, a súa presenza e a xenerosa colaboración na realización do acto. Asemade expuxéronse os proxectos vinculados tanto á figura do Conde de Gondomar como á de Lois Tobío: a celebración dun congreso sobre D. Diego Sarmiento de Acuña, organizado conxuntamente co Consello da Cultura Galega, e a traducción da obra de Tobío referida ao Conde de Gondomar, así como a publicación dunha obra inédita do homenaxeado referida ao máis ilustre dos gondomareños.

A rolda de intervencións no emotivo acto rompeuse, de novo, para descubrir o cadro no que o pintor Claudio Maseiro Vila, residente no Concello de Gondomar, retratou a Lois Tobío, atrapando para a inmortalidade un xesto moi seu, tal como confesou a súa filla, Constanza, quen tomaría a palabra a continuación: "¡É como se estivese aquí!". Como xa coñecíamos, Constanza deunos testemuña da pouca devoción de Tobío polas homenaxes, aínda que recoñeceu que non fora nada difícil convencelo para o que estabamos a celebrar en Gondomar. Compartiu co auditorio a imaxe que lembraba de multitude de sábados nos que o seu pai regresaba da biblioteca do Palacio Real, con novas fichas meticulosamente confeccionadas con pulcra caligrafía sobre novos episodio da vida e obra do Conde que descubría. Sobre historias, moitas delas cotiás, que lle acontecían a Gondomar, "e que nos relatava cunha familiaridade propia dos amigos máis íntimos".

Revelou publicamente algo que Tobío xa nos confesara en privado. Que máis alá dos paralelismos evidentes entre Tobío e Gondomar, ambos galegos, amantes da súa terra, diplomáticos..., el percibía e percibe unha afinidade de carácter, unha comprensión profunda da súa forma de ser, de enfrontarse aos problemas... para a continuación dicir cun leve sorriso "quizais eu sexa, en realidade, Gondomar". Constanza Tobío Soler tróuxonos en cálidas verbas o intenso desexo de Lois Tobío de estar presente neste acto tan emotivo para el, mais... son moitos anos. Tamén foi a encargada de transmitirnos o pensamento de Tobío, unha das moi-

tas formas para estar presente nun acto que rebordou presenza e vida de Lois Tobío por todos os poros. ¡Como non!, Constanza tamén tiña o expreso encargo de recitarnos o rosario de agradecementos para todos os relatores, participantes e organizadores da homenaxe, que eran de agardar dunha persoa fundamentalmente agradecida á vida.

A clausura do acto correspondeulle ao Sr. Alcalde de Gondomar, D. Carlos Silva Mariño, que lembrou as moitas horas que este intelectual e investigador dedicou a estudar a D. Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar. *"A vila de Gondomar pouco pode ofrecerlle, comparado con todo o que el nos aportou e aporta. Alomenos cada vez que fagamos un acto neste recinto no que agora estamos atoparémonos sempre coa serea presenza de D. Lois Tobío"*.

Os aplausos deron paso a silencios e baleiros, que foron invadindo a mornura do Auditorio Lois Tobío durante a homenaxe. A medida que saía o nutrido público foise instalando no soportal da entrada, resistíndose a abandonar o lugar, absorto en interminables conversas nas que Tobío e D. Diego xa eran máis familiares.

Ambos merecían e merecen moito máis, pero o primeiro paso estaba dado.